Suplemento N° 9
do Semanario IRIMIA

15 de maio
Dia de SAN CIDRE
PATRON DOS LABREGOS

Un ano máis chega o S. Cidre, o patrón dos labregos, e con el a festa dos labregos, anque ben é verdade que non se celebra moito entre nosoutros o S. Cidre.

Constantemente en IRIMIA lle estamos tomando o pulso á realidade do mundo rural galego desde diferentes ángulos, con ocasión de feitos ou noticias variadas que afectan a ese case 50 por cento de galegos que dedican a súa vida a fender a terra para recibir dela sustento e vida. Sería algo así como unha chulería querer resumir nesta paxiniña as moitas cousas que van tecendo a loita diaria da xente da aldea.

Pero sí queremos dicir con claridade algunha cousa, que, por sabida, non estará de máis recordar.

O mundo rural galego atópase nun momento crítico e decisivo. E non dicimos esto por dicilo. Ten diante súa o reto da transformación que os técnicos lle aconsellan, coa amenaza ao fondo dunha entrada no Mercado Común, que se prevé inmediata. Frente a este feito, o desconocemento casi total dun sector moi numeroso da Galicia labrega, e a inactividade máis completa da Xunta de Galicia que deixa pasar meses e anos sen elaborar siquera unha política agraria elemental, para sair ao frente dese futuro inmediato que vai cribar as 346.000 pequenas explotacións espalladas polo chan galego.

Todo o mundo fala da reconversión industrial, e poucos se decatan de que no campo, xordamente, sen alporizamentos, estase dando ou solicitando unha verdadeira reconversión agraria, que na maioría dos casos cae completamente sobor das costas dos mesmos labregos, que están recibindo constantemente a promesa de axudas múltiples, pero que logo deben cargar eles mesmos, a base da deshumanización da súa vida, co peso completo do que queiran ir conseguindo.

Non é tempo de se dormir. Nunca o foi para o labrego. Tampouco non é tempo de desesperar. Nunca desesperou o home da aldea, anque a loita fose moita. E o tempo da toma de conciencia, da observación calmosa, da formación, da organización, das asociacións, dos sindicatos.

E mentres fagamos festa, e celebración, e humor polo noso patrón S. Cidre, que nos recorda, frente a moitos abandonos que a diario padecemos, a garantía de Deus e da súa fidelidade.

Cando se fala do mundo rural en Galicia, faise con estilo de derrotados dedicarlles esforzos, etc. Estas e outras cousas se oen e se din. Non estamos promotores do rápido e do barato non queren ou non poden reconocer. Nas nada que envidiar aos progresos da cidade, uns progresos que, á hora da verda

Estes relatos breves que ofrecemos son unha mostra de moitos feitos e xeremolos que, con coidado e bon tempo, se farán fruto abundante algún día

LABRADA, ROMARIZ E FANOI (ABADIN)

Durante o inverno os viciños destas parroquias xuntáronse cada oito ou quince días para informarse e formarse sobor cuestións que se presentan na súa vida. Nalgún caso fixéronse cun método fixo e continuado, no que aparecían actividades variadas que os mesmos viciños realizaban como remate dos días de formación.

Ao remate do inverno, no mes de abril, tiveron a idea de organizar unhas Xornadas de Formación Popular; nesas Xornadas contouse coa colaboración de especialistas para estudiar e analizar diferentes temas que tiñan moito que ver coa vida no campo. A asistencia foi moi numerosa — de 60 a 100 persoas tódolos días — e o proveito moito. Debaixo de todo esto está o convencimento de que unha boa información e formación é a base no camiño da liberación dos grupos sociais máis rebaixados, como é o dos labregos.

LOXO (TOURO)

Algo semellante se realizou en Loxo (Touro) Durante os meses de Santo e de Nadal xuntáronse un bon grupo de viciños nunhas xornadas intensivas para estudiar coa axuda de especialistas, temas da realidade da comarca. Fruto de todo esto foi a organización de grupiños por cada parroquia coa finalidade de seguir estudiando e aplicando o que se vira como camiño de solución. Agora están co proxecto de editar un boletín comarcal para informar sobre axudas, técnicas de producción, iniciativas que se están levando a cabo, etc. Un equipo de catro persoas é o máis responsable de que as cousas vaian para adiante con forza.

CONCI

Poderíase seguir multiplicando exemplos de sitios onde a xente se movili máis, e temos a seguridade de que os que non conocemos inda son moitos mái militancia política ou sindical. Unha cousa parece ser condición imprescindi verdadeiros: que os animadores estean co corpo e co alma no campo, mama creer.

LOUVANZAS HUMILDES AO NOSO SEÑOR

Domingo cuarto despois de Pascoa

Bendito o Señor do Ceo,
que nos ten estima tanta;
sómolos fillos de Deus,
labregos en corpo e alma.
Xuntos imos recordar
as cousas maravillosas
que en nosoutros fixo Deus,
cousas grandes e fermosas.

Fíxonos home e muller,
moi semellantes a el
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Fíxonos capaces
de amar e de pensar
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Fíxonos para ser libres e traballar
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Fíxonos para ser irmáns e compartir
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos o ceo, a terra e o mar
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos o sol, a lúa e as estrelas
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos osanimáis, os paxaros e as plantas
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos o mundo enteiro
como fogar de todos
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos a súa luz,
o seu par e a súa palabra
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos a Xesús, o seu Fillo,
irmán e señor noso
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Deunos o Espírito
que é vida e alegría
PORQUE O SEU AMOR NUNCA MORRE.

Cantémoslle xuntos
a Deus, noso Pai,
polo ben que nos fixo,
polo ben que nos fai.
Animémonos todos,
xuntemos esforzos,
que ninguén nos prive
do que Deus nos trouxo.

XESUS É A PORTA DO REDIL

Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta ao redil das ovellas, senón que sobe por outra parte, ese é un ladrón e un bandido. En cambeo, o que entra pola porta, é o pastor das ovellas. A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama ás súas polo nome, e lévaas afora. Cando as ten sacadas todas, vai diante delas, e as ovellas sígueno, pois reconocen a súa voz. Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non conocen a voz dos alleos.

Díxolles Xesús esta alegoría, mas eles non conoceron que era o que lles daba a entender. Entón díxolles de novo:

– Con toda verdade vos aseguro que Eu son a porta das ovellas. Tódolos que viñeron antes ca min, eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase; entrará e sairá, e atopará pastos. O ladrón non entra senón para roubar, matar e botar a perder. Eu vin para que teñan vida e a teñan dabondo.

(Xoán 10,1-10)

TERRA E

17 de Maio: en defe

O próximo día 17 de maio, como cada ano, en numerosísimos lugares de Ga LO VALLEDOR, escritor nado na Galicia asturiana (Vegadeo) e que enriqueceu pouco coñecido, falamos na sección de "A Carón do Lume". En non poucos siti día do ano 1916 fundouse na Coruña a primeira Irmandade da Fala, que con out todas as vilas e cidades de Galicia, en case tódalas súas escolas, o mes de maio está s

HAI MAIS DE CEN ANOS

Ate o século XV o galego foi un idioma **normalizado**, e dicir, que se empregaba normalmente en Galicia (e aínda fóra dela pois era un idioma de "moda") por tódalas clases sociais e para tódolos asuntos, acompañado en ocasións polo latín. Había libros en galego, pouquiños daquela porque non se descubrira a imprensa e había que escribilos a man. Os documentos privados e públicos facíanse no noso idioma. Produciuse despois a dominación de Castela sobre Galicia e o noso idioma sufriu as consecuencias: viuse desbotado do **uso público** e das letras imprensas.

Hai máis de 100 anos, outro 17 de maio, no ano 1863 a gran escritora Rosalía de Castro publicaba en Vigo o libro de versos **"Cantares gallegos"** cheo de namoramento e de pasión pola fala, as xentes e as paisaxes de Galicia. Tíñanse publicado outros libros galegos, anos antes que o de Rosalía, pero ningún da importancia dese. Tras del comenzou un importante rexurdir do libro galego, especialmente a partir do 1886 co nacemento na Coruña da Biblioteca de Autores Galegos fundada por Fernández-Latorre e por Martínez Salazar, un leonés namorado de Galicia e do noso idioma.

En 1963 ó cumprirse os 100 anos da publicación de **"Cantares Gallegos"** de Rosalía, a Academia Galega quixo celebrar esa data, e desde entón dedica por este tempo o 17 de maio a celebrar as letras galegas, e cada ano a recordar a un dos moitísimos escritores que crearon no noso idioma, de xeito que poidamos coñecer a riqueza da nosa tradición.

ENTRE OS MOITOS, MERCAR UN

Desde o século pasado publicáronse centos e centos de libros galegos. Somente durante o franquismo pola política centralista, rebeu a vida pública do noso idioma que agora aínda moi despaciño comenza a se espelir.

É doado comprender que o noso idioma (e con el a nosa persoalidade de galegos) somente vivirá e se manterá vizoso se chega a usarse con **normalidade** en libros, revistas, radio, TV, escola e vida pública en xeral. Por iso, comprar e ler libros galegos, ademais dun enriquecemento cultural é axudar a que o noso pobo se manteña vivo. Tódolos galegos deberíamos mercar **libros galegos**. Se non temos ningún, o primeiro deberá ser

sabeliña

XENTE

ensa do noso idioma

licia celebrarase o Día das Letras Galegas, este ano dedicado a ARMANDO COTARE- o noso idioma con moitas interesantes obras de teatro galego. De quen foi este home os da nosa Terra celébrase o día 18 de maio o Día da Nosa Fala, recordando que nese ras moitas que a seguiron contribuiu tanto ó rexurdir do noso idioma. Deste xeito por endo celebrado como o mes do idioma galego.

"Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro. Despois dese hai magníficos libros de contos, refráns dos vellos, cantares populares, libros de aventuras, novelas, poesía, teatro, historia, xeografía, ciencias, relixión etc. Poucas son as caras do saber humano que non teñen reflexado algún dos seus aspectos no noso idioma. Un libro que non debería faltar en ningunha casa cristián é o dos santos Evanxelios, publicado co Novo Testamento pola Editorial SEPT.

UN IDIOMA VALIDO PARA TODO

Xa dixemos que o día 18 de maio, en bastantes sitios de Galicia, celebran despois do día das letras, o **Día da Nosa Fala** en memoria dos nosos antepasados (antergos) que nola ensinaron e que por ela loitaron. Moitos bos galegos se esforzan día a día por usar o noso idioma en calquera ocasión, en calquera oficina, como o seu idioma **normal**: é a millor maneira de que nos respeten e de aprender a respetar ós demais sen cobardías. Desde IRIMIA queremos animarvos a que vos fagades millores galegos usando cada vez máis o noso idioma. Ademais de mercar e ler algún libro galego poderíamos facer:

XOSE LOIS

— falalo sempre, maiormente ós nenos

— encargar os recordatorios de comunión e as invitacións das bodas en galego

— escribir á familia e ós amigos galegos, sempre no noso idioma

— mandar ós axuntamentos e organismos oficiais as solicitudes no noso idioma

— especialmente falalo nas oficinas e lugares públicos

— poñer nomes galegos ós nosos fillos: é perfectamente legal

— encargar os carteis que anuncien as festas na fala galega

— invitar e animar ós párrocos a que celebren as misas e os sacramentos en galego

— procurar que nas escolas se cumplan as leis que aínda moi cativamente favorecen o galego.

Deste xeito seremos dignos herdeiros de xente como Rosalía de Castro e como tantos galegos que honraron a súa nai tal como nos ensina a doutrina do cuarto mandamento.

PARABOLAS

"O BENINO DE SAN COSME, A LEONISA DO CADRAMON E UN ESTUDIANTE DE CREGO (II)

O deceoito de outubro, día de san Lucas, antes de acudir á cita coa Leonisa tratou de ve-lo Benino a un de Frixolas de Outeiro que estaba externo estudiando para crego. Tratou de velo e de levalo consigo ó Campo dos Remedios de Mondoñedo, que pouco máis tarde se trocaría en campo de batalla de decires amatorios, para que lle servise de reforzo á hora de atallarle a Leonisa, se por un casual lle daba por volver a toma-la fuxida por Roncesvalles. O estudiante acudíu gustoso, anque pola súa carreira non lle fose dado os parrafeos con moza tan garrida; pero non resistíu o pulo caritativo de facerlle un favor a un amigo. Saíulle caro.

Ó paso que foi animándose a conversa, foi tamén facéndose máis conscente da súa función de insustituible axuda o de Frixolas e el mesmo cargou coa responsabilidade de ir cerrándolle unha tras doutra tódalas posibles fuxidas de Roncesvalles e dos arredores á Leonisa, manexando só a fina espada da palabra. Benino non tivo que molestarse en desenvainar.

O malo foi que un venerable leigo Cofrade da Orde Terceira estivo fisgando os requebros desde a ventá da súa casa, medio anicrado tras da palma bendita que lucira na procesión do Domingo de Ramos.

O barullo dos feirantes, a distancia e o bule bule das reses non afeitas a tanto trafego impedíalle ó Cofrade escoitar con precisión aquelas fermosas palabras nas que se platicaba sobre a vida e obra da figura máis senlleira da Idade Media, o gran Carlomagno.

Por non escoitar a realidade, só escoitou o que a súa imaxinación retorta lle dictaba. E foi moito o que lle dictou. Tanto foi o que lle dictou que ó día seguinte o rector do seminario decretaba inominiosa expulsión contra aquel estudiante compadreiro que dixera verbas tan nefandas por boca dun leigo cofrade que se constituíra, sen ninguén pedirllo, en espía velador da dignidade dos futuros ministros do Señor.

Hai que atalla-lo mal na raiz. Quedou valeiro outro pupitre na aula de Teoloxía Fundamental. E todo porque o Benino, carpinteiro de polas portas, coñecera á Leonisa no galo da obra de reface-lo rodicio e menda-las moxegas a uns muiños de auga polo seu peso nas montañas do Cadramón.

¡Canto estropicio pode seguirse de que cheguen a furárselles as moxegas ós muiños do Cadramón!

X. M. Carballo

MOLOS

: na aldea non se fai nada, os labregos son incapaces de avanzar, non paga a pena
le acordo. O certo é que o mundo rural ten o seu ritmo, o seu estilo, que moitos
aldeas de Galicia fanse cousas, coa ollada posta nun mañá mellor, que non teñen
de, tampouco un non ve moito onde se amostran.
: vidas, algunhas conocidas e outras non, que están no mundo rural a xeito de
.

HOSPITAL (PIEDRAFITA DO CEBREIRO)

En Hospital un grupiño de monxas leva varios anos convivindo coa xente da aldea, á que aportan entre outras cousas a súa capacitación profesional. Son elas mesmas as que nos describen como lles vai no momento presente con estas palabras:

Durante os meses de inverno estivemos xuntando un grupo de xente para falar das cousas da nosa fe e así ir facendo un pensar común. Este segundo ano, intentamos conocer máis e mellor o Evanxelio, tratando de achegalo todo o máis posible ás nosas vidas, co desexo de ir camiñando xuntos cara unha maior fraternidade.

O obxetivo a longo plazo é crear un grupo de zona con diversos axentes de pastoral que seriamente optamos polo mundo rural da montaña. Entretanto intentamos reflexionar sobor do vivido e damos forza uns aos outros para dar pequenos pasos.

DUMBRIA E MEZONZO (A CORUÑA)

Neste mesma liña están traballando as comunidades relixiosas de Mezonzo e Dumbría. O seu obxetivo inmediato é formar grupos ou comunidades para poder conocer mellor a vida e o Evanxelio de Xesús. Estas monxas son moi sabedoras de que o Evanxelio de Xesús é capaz de erguer os ánimos da xente, ata da xente máis desesperanzada, e de facer de todos uns loitadores da vida e da dignidade dos labregos. Pois mira ti por donde, a xente, esa xente que dicimos que é tan parada e incapaz, cada oito ou quince días colle a súa carpetiña e xúntase en grupos de 20 ou de 30 para facerse valente coa valentía de Xesús.

LUSION

iza e fai cousas que apuntan a un día de mañá mellor. Nós conocemos bastantes
is. Hai quen traballa desde a súa condición de crentes, hai quen o fai desde unha
ble para que o traballo organizativo na aldea teña continuidade e leve a cambios
ando diario esa realidade tan rica en posiblidades. E logo, querer, soñar, amar. E

UNHAS PALABRAS DE ESPERANZA

Recollemos estes dous párrafos da "Carta aos labregos" que escribiu o ano pasado o bispo de Mondoñedo-Ferrol, Miguel Anxo Arauxo. O paso dun ano non fixo senón dar gusto e forza a estas palabras humildes e sinxelas:

"Tamén me atrevo a decirvos que non todo son problemas na vida. Estou segurísimo de que haberá moitas cousas na vosa vida das que estades contentos e polas que dades gracias a diario a Deus: a terra, esa terra na que enterrades o voso esforzo, pero que despois vos ofrece con xenerosidade os seus froitos; os animais, a quen tanto queredes e que tantos soños vos rouban; a familia, na que vos criastes e vivides agora, que é un pouco como o berce diario da vosa esperanza; o aire, este aire limpo que tantos envidian nas cidades; a vida serena que admirablemente vivides a pesares dos traballos polos que pasades; e moitas cousas máis que tedes o privilexio de disfrutar no campo. Todo un montón de cousas que vos rodean a diario, e que vós a vivides dun xeito tan especial que chegastes a facer delas unha cultura propia, na que sen dúbida están chantadas as raíces da cultura galega, con esa fala tan bonita que é o galego. ¡Con canto agradecemento recibimos de vós o galego como fala materna, e como nos gustaría que o mantiverades vivo na vosa conversa coa xente e con Deus. Coido que así o debedes facer!".

"E, xa para rematar, unha palabra máis. Vivides agrupados en pequenas poboacións. Este feito pódevos facer descubrir o bonito que é estar unidos tamén no corazón, o bonito que é sentirse irmáns baixo a ollada do mesmo Pai, pisando os mesmos camiños na terra, e fixándose tamén nas mesmas estrelas do ceo. Facede, pois, comunidade. Facédea nas cousas do corpo e nas cousas do espírito. Axudade aos vosos curas, que son os que entre vosoutros teñen o papel de facer que a comunidade humana que formades se faga comunidade de Xesús. Axudádeos, e non con cartos, senón coa vosa palabra e coa vosa fe vivida con simplicidade e fondura. Axudádeos, abríndolles de par en par as portas do voso mundo e do voso corazón, para que neles se metan, e pouco a pouco vaian aprendendo a ser retratos vivos dun Deus liberador. Axudádeos nas súas vacilacións. Comprendédeos nos seus fallos. Alentádeos nos seus desexos de cambio. Devolvédelles a ilusión cando fracasen. Uns cregos fortes de espírito serán tamén unha garantía para poder soñar cunhas comunidades apegadas a Xesús e ilusionadas na loita de superación que Xesús encabeza. Axudadéos a sair das sancristías e a se dirixir ás vosas leiras. Axudádeos a sair de tras dos mortos para aprender a camiñar tras dos vivos. Axudádeos, para que eles vos poidan logo axudar a vosoutros".